



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

OBXECTIVOS

- Lograr unha audición consciente, diferenciadora, intelixente, capaz de xulgar, capaz de facer soa-la música interiormente ó leela.
- Conseguir-la capacidade de memorizar fragmentos cada vez mais longos e complexos, buscando o desenvolvemento da audición interior.
- Acada-la capacidade de lee-la música interiormente, utilizando o ouído interno.
- Desenvolve-la capacidade de escoita-la música baixo diferentes enfoques, despois da primeira "visión" de conxunto, e, como requisito ineludible, relacionar sempre o escoitado cos coñecementos xa adquiridos de lecto-escritura, composición e repertorio.
- Utiliza-lo canto a unha ou varias voces, a interpretación musical co propio organismo, para favorecer-la representación interna do escoitado.
- Desenvolve-la habilidade lectora e de estudio de obras musicais con diferentes enfoques que favorezan a análise e a audición interior.
- Desenvolve-la habilidade rítmica precisa para a análise e interpretación instrumental de obras musicais contemporáneas.
- Desenvolve-la capacidade de traballo individual da propia educación auditiva nunha selección de repertorio, mediante exercicios de lectura en alto e muda, audición con e sen partitura, canto con e sen axuda de instrumento, memorización, escritura de memoria, interpretación instrumental con e sen partitura, transporte, etc.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Intervalos melódicos e harmónicos
 - de 2ª, 3ª, 6ª e 7ª maiores e menores
 - de 4ª, 5ª e 8ª xustos
 - de 2ª, 4ª e 5ª A e 5ª D
- Acordes tríadas e as súas inversións.
 - Maiores, menores, de 5ª A e de 5ª D
- Acordes de catro sons e as súas inversións
 - Acordes de 7ª de Dominante
 - O acorde de 7ª como dominante secundaria.
 - Acordes de 9ª de D. maior e menor.
- Funcións harmónicas
- Estructuras harmónicas



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

- Cadencias: Auténtica, Imperfecta, Plagal, Completa, Interrompida, Semicadencia.
Formulas de preparación das cadencias
- Modulación
- Transición ás rexións veciñas
- Baixo cifrado.
- Escalas: Maiores, Menores e os seus tipos.
Modos antigos.
Escala de tonos enteiros.
- Melodías a unha voz
- Melodías a dúas voces
- Melodías a tres voces
- Análise
cronoloxía e contexto histórico, estilo, autor, estrutura formal, rítmica, harmonía (tonalidade, estrutura harmónica, modulacións, acordes), melodía, tímbrica (orquestración), dinámica, correspondencia do texto coa melodía, conclusión estética e expresiva.
- Lectura e audición simultánea (Dúas, e tres voces).
- Lectura rítmica
Compases mixtos en estruturas irregulares; equivalencias figura = figura, pulso= pulso, alternancia de compases; polirrítmias a unha voz mediante acentos non habituais e irregulares, barrado e ligaduras, estruturas rítmicas atípicas en compases convencionais; polirrítmias a varias voces nas que coincidan dous e catro divisións contra tres; valoración especial que dure dúas ou máis partes de compás; música sen compasear.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- 1 Intervalos melódicos e harmónicos**
de 2ª, 3ª, 6ª e 7ª maiores e menores
de 4ª, 5ª e 8ª xustos
de 2ª, 4ª e 5ª A e 5ª D
 - 1.1 Cantar a partir dunha nota dada intervalos improvisados e controlar no instrumento.
 - 1.2 Cantar intervalos das especies e números citados e controlar no instrumento.
 - 1.3 O mesmo exercicio mudo e controlar no instrumento.
 - 1.4 Dado un intervalo, cantar outro diferente.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

- 1.5 Escribir unha serie de intervalos e reproducilos seguidamente ca voz.
- 1.6 Pensar un intervalo, escribilo e cantalo, controlando despois no instrumento.
- 1.7 Os mesmos exercicios con intervalos compostos e harmónicos.
- 1.8 Reproducir por escrito unha serie de intervalos melódicos ou harmónicos tocados no piano.
- 1.9 Reproducir por escrito unha serie de intervalos melódicos ou harmónicos cantados polos alumnos.
- 1.10 Reproducir por escrito melodías mediante a relación interválica dos seus sons.
- 1.11 Dada unha serie de intervalos melódicos por escrito, identifica-los erros na Audición.

2 Acordes tríadas e as súas inversións.

Maiores, menores, de 5ª A e de 5ª D

- 2.1 Entoar acordes tríadas asc. e desc. a partires dunha nota dada.
- 2.2 O mesmo exercicio sen interrupción con nota de enlace próxima e despois con nota de enlace máis alonxada.
- 2.3 Entoar acordes a partires dunha nota que sexa 1ª, 3ª ou 5ª dun acorde distinto.
- 2.4 Cantar melódica e harmonicamente acordes a partires dunha nota nas diferentes inversións.
- 2.5 Encadear acordes cantando melódica e harmonicamente nas tres inversións con nota de enlace próxima e logo máis alonxada.
- 2.6 A partires dun acorde maior ou menor, fundamental ou invertido, cambiar unha nota para facelo aumentado ou diminuído.
- 2.7 Oíndo un acorde tríada, sobre el cantar outras notas.
- 2.8 Entoar melódica e harmonicamente series de acordes nos que se repite unha mesma nota, controla- lo cambio de función desa nota.
- 2.9 Tocando acordes no piano, cantar unha nota determinada, controla-la función desa nota.
- 2.10 Representarse interiormente unha tonalidade, controlar no piano
- 2.11 Afinar unha tonalidade despois de oír outra veciña, logo con tonalidades máis alonxadas.
- 2.12 Recoñecer auditivamente os acordes tríadas e as súas inversións.
- 2.13 Reproducir por escrito series de acordes tocadas no piano.
- 2.14 Recoñece-la inversión de acordes tocados en series onde se repite varias veces unha mesma nota.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

- 2.15 Dada unha serie de acordes por escrito, identifica-los erros de tipo e Inversión na audición.
- 2.16 Despois da referencia do “La”, recoñecer acordes tríadas con nome, modo e inversión.

3 Acordes de catro sons e as súas inversións

Acordes de 7ª de Dominante e as súas inversións

- 3.1 Tocar ou cantar acordes arpexiados partindo da nota fundamental ou de calquera outra nota en diferentes tonalidades asc. e descendentemente.
- 3.2 Cantar acordes resolvendo a 3ª e a 7ª.
- 3.3 Cantar acordes partindo de unha mesma nota como fund., 3ª, 5ª, 7ª.
- 3.4 Facer cadeas de acordes tocando ou cantando.
- 3.5 Diferenciación de dominantes con e sen sétima.
- 3.6 A dominante con e sen sétima como secundaria, inclusión en estruturas harmónicas dada.
- 3.7 Recoñecemento auditivo dos acordes de 7ª de dominante e as súas inversións en fragmentos a dúas e tres voces.
- 3.8 Recoñecemento auditivo dos acordes de 7ª de dominante e as súas inversións,(con carácter de secundaria) en fragmentos a dúas e tres voces.
- 3.9 Dada unha serie de acordes por escrito, identifica-los erros de tipo e inversión na audición.

4 Funcións tonais e estruturas harmónicas

- 4.1 Recoñecer as funcións harmónicas en fragmentos a dúas, tres e catro voces.
- 4.2 Dada unha melodía, analiza-las funcións harmónicas e logo cantala tocando os acordes no piano.
- 4.3 Dado un baixo, analiza-las funcións harmónicas e inventar unha melodía. Tocar os acordes no piano.
- 4.4 Dada unha estrutura harmónica, cantar, tocando os acordes no piano, melodías ou fragmentos en diferentes tonalidades.
- 4.5 O mesmo exercicio anterior cantando ou escribindo
- 5.6 4ída unha melodía, cantar un baixo cas funcións fundamentais, con ou sen escritura.
- 4.7 Oído un baixo, cantar unha melodía con ou sen escritura.
- 4.8 Tocar series de acordes homófonos tratando de capta las funcións tonais



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

como sensación sonora.

- 4.9 Tocar con interrupcións para oír cada acorde antes de tocalo.
- 4.10 Dada unha serie de acordes escrita, leelos internamente e despois escoitalos identificando os erros na audición interior.
- 4.11 Reducir fragmentos musicais á súa estrutura harmónica.

5 Cadencias: Auténtica , Imperfecta, Plagal, Completa, Interrompida, Semicadencia. Fórmulas de preparación das cadencias.

- 5.1 Escoitar fórmulas cadenciacadenciais.
- 5.2 Cantar procesos cadenciais típicos a catro voces, a partires dunha estrutura harmónica dada, facelo en diversas tonalidades. Recoñecelas auditivamente en diferentes tonalidades.
- 5.3 Tocar fórmulas cadencias con interrupcións para oír o acorde seguinte. Canta-las diferentes voces mentres se toca ou se escoita.
- 5.4 Canta-las tres voces de fórmulas cadencias oíndo o baixo no piano.
- 5.5 Tocar fórmulas cadencias repetidas e transportalas a diferentes tonalidades, despois facelo cantando.
- 5.6 Tocar e cantar fórmulas destacando diferentes notas e resolvéndoas.
- 5.7 Aplicar baixos a fórmulas cadencias oídas no piano.
- 5.8 Aplicar fórmulas cadencias a frases melódicas escribindo ou cantando.
- 6.9 Escoitar fórmulas cadenciais á vista da estrutura harmónica, identificando os erros na audición.

6 Modulación

Transición ás rexións veciñas

- 6.1 Traballo a dúas voces con estruturas harmónicas que inclúan modulación ás veciñas e homónima, principalmente á rexión da dominante, con e sen retorno ó punto de partida.
- 6.2 Crear melodías ou baixos a partires de estruturas harmónicas cas modulacións do exercicio anterior.
- 6.3 Recoñecemento auditivo de estruturas harmónicas similares ás anteriores.
- 6.4 Análise de fragmentos musicais axeitados ó tema da modulación.
- 6.5 Recoñecemento auditivo das modulacións en obras musicais breves



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

7 Baixo cifrado

- 7.1 Cantar arpexiado oíndo ou tocando o baixo.
- 7.2 Cantar a voces oíndo o baixo.
- 7.3 Cantar cada vez unha voz mentres se toca.
- 7.4 Dado un baixo, cifrar oíndo o conxunto.
- 7.5 Oído o conxunto, escribi-la estrutura harmónica.

8 Escalas: Maiores, Menores e os seus tipos.

Modos antigos.

- 8.1 Entoación de escalas controlando posteriormente no instrumento e viceversa, comezando por calquera grao en dirección ascendente ou descendente, dado o acorde de tónica ou dado calquer outro grao.
- 8.2 Tomar calquera nota da escala que se entoa como tónica ou como calquer outro grao dunha nova escala maior ou menor e os seus tipos.
- 8.3 Entoar escalas cambiando unha ou dúas notas fixadas de antemán.
- 8.4 Escribir escalas libres, entoalas e controlar despois no instrumento.
- 8.5 Escribir melodías baseadas nas diferentes escalas, entoalas.
- 8.6 Transportar entoando os modos antigos.
- 8.7 Recoñecemento auditivo das escalas cos seus diferentes modos e tipos.
- 8.8 Recoñecemento auditivo dos modos antigos.
- 8.9 Recoñecemento auditivo de melodías baseadas nas diferentes escalas tonais e modais.
- 8.10 Entoar escalas de diferente tipo a partires da mesma melodía.
- 8.11 Recoñecer diferentes tipos de escala a partires dunha melodía dada, aplicando as alteracións correspondentes.

9 Melodías a unha voz

- 9.1 Escribir de memoria melodías que se estén a traballar no instrumento.
- 9.2 Escribir melodías inventadas, entoalas e controlar no instrumento.
- 9.3 Rematar entoando fragmentos de melodías dados, buscando unha cadencia determinada.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

- 9.4 Tocar melodías e escribilas de memoria.
- 9.5 Cantar internamente melodías e controlar despois no instrumento.
- 9.6 Cantar melodías memorizadas aprendidas de oído, imaxina-lo debuxo melódico e transporta-las entoando a varias tonalidades, nomeando as notas. Escribilas logo ó dictado en diferente tonalidade.
- 9.7 Cantar melodías a primeira vista e despois de memoria.
- 9.8 Recoñecemento auditivo de melodías a unha voz.

10 Melodías a dúas voces

- 10.1 Tocar ou cantar pezas breves a dúas voces e escribilas de memoria.
- 10.2 Cantar melodías a dúas voces de memoria.
- 10.3 Escribir unha segunda voz (en mudo) para unha melodía dada.
- 10.4 Oír melodías homofónicas a dúas voces e escribi-los intervalos harmónicos.
- 10.5 Entoar melodías a dúas voces, transportalas entoando, escribilas de memoria.
- 10.6 Entoar melodías a dúas voces, escoitando ó mesmo tempo que se canta, logo escribi-las dúas de memoria.
- 10.7 Cantar e tocar simultaneamente melodías a dúas voces, variando a voz que se canta e toca, transportar despois.
- 10.8 Recoñecemento auditivo de fragmentos a dúas voces.

11 Melodías a tres voces

- 11.1 Tocar con partitura cantando unha voz, tocar voces extremas cantando a interior e viceversa.
- 11.2 Oubir internamente e volver a tocar todas, escribir logo fragmentos de memoria na tonalidade orixinal e logo transportados.
- 11.3 Dadas dúas voces, escribi-la terceira.
- 11.4 Dada unha voz, escribi-las outras dúas.
- 11.5 Recoñecemento auditivo de fragmentos a tres voces.
- 11.6 Entoar melodías a tres voces, escoitando alternativamente as outras dúas ó mesmo tempo que se canta, logo escribi-las de memoria.

12 Análise.

- 12.1 A partires da audición con e sen partitura e tamén da lectura muda da partitura.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

13 Lectura e audición simultánea (Dúas e tres voces).

- 13.1 Lectura muda dunha obra descoñecida, escoitala e controlar como foi a representación interna.
- 13.2 Audición con partitura á que se lle borran fragmentos ou diversos detalles para o seu recoñecemento auditivo e escritura.

14 Lectura rítmica

Compases mixtos en estruturas irregulares; equivalencias figura= figura, pulso= pulso, alternancia de compases; polirrítmias a unha voz mediante acentos non habituais e irregulares, barrado e ligaduras, estruturas rítmicas atípicas en compases convencionais; polirrítmias a varias voces nas que coincidan dúas e catro divisións contra tres; valoración especial que dura dúas ou máis partes de compás; música sen compasear.

- 14.1 Interpretación mediante a lectura e a percusión.
- 14.2 Recoñecemento auditivo en fragmentos.
- 14.3 Análise en obras musicais

CONTIDOS ACTITUDINÁIS

- Audición de música en directo dentro e fora do conservatorio.
- Audición de gravacións musicais.
- Interese polos diferentes tipos de manifestación musical e cultural.
- Interese por publicacións musicais.
- Valoración da incidencia da práctica musical na formación humanística e xeral das persoas.
- Valoración do canto como habilidade que favorece a representación interna da música.
- Valoración do traballo propio como medio de mellora-la súa capacidade auditiva.
- Sistematización do traballo propio buscando a corrección e a eficacia.
- Interese pola práctica musical colectiva.

METODOLOXÍA

A metodoloxía baséase fundamentalmente na participación activa do alumnado, tanto individualmente como en grupo.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

Buscarase como obxectivo principal o desenvolvemento do ouvido interno mediante a audición baixo diferentes enfoques cunha concentración relaxada e a práctica da lectura muda, do canto e da memorización.

E importante tamén o traballo individual de cada alumno mediante exercicios de lectura, entoación, memorización, creación, interpretación no instrumento e escritura de memoria.

A complexidade dos exercicios e obras musicais irá en orden crecente a partires do nivel que veña dado polos coñecementos previos estimados na avaliación inicial.

ACTIVIDADES

-As actividades seguirán o proceso de cantar(lendo ou creando)-tocar-oir- escribir.
-analizar/ oubir-cantar-tocar-memorizar-escribir /ler en mudo- cantar-comprobar-memorizar-escribir.

Os diferentes contidos traballaranse paralela e equitativamente, alternando a práctica de exercicios de audición, lectura, interpretación no instrumento, análise e entoación de fragmentos, ca do estudio, do mesmo xeito, de obras musicais completas partindo de obras breves e sinxelas ata chegar a outras máis longas e de maior complexidade.
E importante que o alumnado que toca diferentes instrumentos poida tamén utiliza-lo piano para a práctica en solitario dos exercicios que se propoñan.

AVALIACIÓN

A avaliación e continua e realizarase durante todo o proceso de ensino- aprendizaxe a traveso do traballo realizado na clase e tamén do traballo individual e dos controles.
Nela hai tres fases fundamentais:

- A avaliación inicial, que servirá para situa-los coñecementos previos ós contidos a ensinar.
- A avaliación formativa ou procesual, que servirá para controla-lo proceso.
- A avaliación sumativa ó final do proceso, que toma como referente os criterios de avaliación fixados para o curso ou trimestre.

Son importantes os controles periódicos deste proceso ó fin de determinados períodos de tempo ou de diferentes series de contidos, realizando avaliación sumativa de todos eles.
A avaliación inicial farase ó principio do curso e ó inicio do traballo sobre cada un dos diferentes contidos.

Os controles realizaránse nos meses de Febreiro e Maio.

Os resultados dos controles posibilitan ó profesorado o análise da súa práctica docente e permiten adaptar dita práctica segundo os logros ou carencias detectadas.



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

Ó fin de cada cuadrimestre emitirase informe ca cualificación do período.

Valorarase especialmente a asistencia regular ás clases e a actitude con respecto á materia.

Os alumnos/as que teñan máis de catro faltas ó longo do curso, xustificadas ou non,

realizarán un exame ó fin do curso no que se incluírán todo-os contidos da materia.

Convocatoria de Setembro: O exame comprenderá todo-os contidos da materia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Entoar e recoñecer auditivamente os intervalos melódica e harmónicamente en fragmentos musicais.
- Recoñecer auditivamente as escalas tonais e modais en sucesións correlativas, asc., desc, ou en fragmentos musicais.
- Entoar melodías previa a súa lectura muda.
- Entoar melodías de memoria previa lectura entoada.
- Escribir melodías a unha e dúas voces despois de oílas e memorizalas.
- Entoar arpexiados e recoñecer auditivamente acordes tríadas e de 7ª de V, 7ª de sens., 7ª dism. e 9ª M e m de V en series cunha mesma nota no baixo e con distinta nota no baixo.
- Análise dunha obra breve previa a súa lectura muda, previa a súa audición con partitura ou previa a súa audición sen partitura.
- Previa audición dun fragmento musical sen partitura, escribi-la estrutura harmónica co cifrado funcional.
- Dada unha estrutura harmónica, compoñer unha melodía e/ou un baixo e despois entoalos.
- Oído un fragmento musical a catro voces, sinalar as funcións harmónicas.
- Oído un fragmento musical a tres voces, dada unha de elas, escribi-las outras dúas.
- Oído un fragmento musical a tres voces, e dada a súa estrutura harmónica, escribi-las tres voces.
- O mesmo exercicio anterior previo recoñecemento da súa estrutura harmónica.
- Escribi-lo ritmo dun fragmento musical a unha ou varias voces.

ORGANIZACIÓN DE ESPACIOS, TEMPOS E AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

As clases da materia Educación auditiva, por corresponder ó primeiro curso, serán polas tardes.

O agrupamento do alumnado, tal como sinala o decreto, será de



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivié, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS CANTO

MATERIA: EDUCACIÓN AUDITIVA

de dez alumnos por grupo.

Cada clase terá unha duración de hora e media e unha periodicidade semanal, para acadar os 4,5 créditos de que consta a materia.

MATERIAIS

Bibliografía

- Bertalotti. E. Música Budapest.
- Mackamul La educación del oído I y II. Barenreiter.
- Kuhn La educación del oído. Labor.
- Szony Musical reading and writing. Música Budapest.
- Tratado de solfeo contemporáneo J.L. Temes 4b y 5b. Ediciones Línea.
- Lenguaje musical grado medio. Félix Sierra
- Lenguaje musical grado medio. Ibáñez Cursá
- Lenguaje musical contemporáneo. Xavier Boliart. Edit. Dinsic.
- Improvisación al piano. E. Molina. Real Musical.
- Armonía. E. Molina. Real musical.
- Modus Novus. Melodías atonales. Lars Edlund. Nordiska musikförlaget.
- Corales. Bach. Editio musica Budapest.
- El album de la juventud. Schumann.
- Mikrokosmos. Bartók. Editio musica Budapest.
- Für Kinder. Bartók. Editio musica Budapest.
- Entonación coral. Kodály. Editio musica Budapest.